

ANA DMATOS


The Living Water. Washerwomen in the river

Este é un traballo que afunde as súas raíces na idea de desenvolvemento e globalización, que debería servir para crear e mellorar as nosas vidas. Con este sentido unín a poesía de Kishwar Naheed, un arma feminista, as mulleres retratadas que perpetúan a discriminación por castas e de xénero, e a miña; identifícome con ambas.



Museo Provincial de Lugo (Sala Multiusos)

Orde de visita recomendada: (1) Basilisa Fiestras
(2) Ana DMatos (3) Luz Darriba (4) Mery Pais
(5) Carmen Porteiro (6) Mónica Alonso (7) Basilisa Fiestras



**EU... TI...
ELAS...
NOSOUTRAS
NOSOUTRXS
EN REDE**





EU estou TI estás ELAS están NOSOUTRAS estamos NÓS+OUTRXS estamxs EN REDE para conquistar, na diversidade, a plena igualdade. Estamxs, somxs, facemxs, existimxs... As formas verbais non expresan xéneros.

Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo reclaman a vosa atención para con esta ducia de proxectos, dispares na forma, unívocos no fondo, solidarios coa desigualdade. Voces, xestos, memorias e imaxes que pretender provocar reflexións e chamadas de atención sobre o EU subordinado. Olló! Un EU que podes ser TI, ELAS, NOSOUTRAS, NÓS+OUTRXS.

Comisariado: Encarna Lago e Antonio Reigosa

Necesitei recorrer ao bordado, que é utilizado como mero debuxo, e permíteme introducir novos códigos de lectura. Só a partir de aí puiden organizar un novo sentido da beleza como concepto. O fío de prata que usei é o mesmo que usan as bordadoras indias para adornar os seus tecidos. Pero aquí, o debuxo é usado para representar dous *kolams*, unha flor e unha xeometría, e desexar a benvida ao espectador, xunto ao desexo de interrelacionar as nosas culturas. Por primeira vez, a razón de coser ou de bordar na miña obra é a de abrazar. Cada puntada serve para unir nun sentido espiritual, todas somos unha, e este é o sentido último da beleza, máis profundo que unha idea abstracta e xeral da arte ou da estética.

Ana DMatos



Contacto

www.anadematos.com
Ana DMatos facebook
@Ana_DMatos twiter
